

sexan necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e tres de xuño de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Juan Rodríguez Yuste
Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Resolución do 1 de xullo de 2005 pola que se lle dá publicidade ao acordo do tribunal encargado de avaliar as probas para a obtención e renovación do Certificado CE de conselleiro de seguridade, convocadas por resolución da Dirección Xeral de Transportes, do 10 de marzo de 2005, pola que se elevan a definitivas as relacións provisionais de admitidos e excluídos e se fixan os horarios dos exercicios.

En cumprimento do establecido na Resolución do 10 de marzo de 2005, pola que se convocan probas para a obtención e renovación do certificado CE de conselleiros de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril, este tribunal

ACORDOU:

Primeiro.-Elevar a definitivas e anunciar a exposición pública das listas definitivas de admitidos e excluídos, de conformidade coa base quinta, punto 4 da resolución da convocatoria, nos organismos seguintes: servizos centrais da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, servizos provinciais de Transportes e nas delegacións provinciais da devandita consellería.

Segundo.-Os horarios dos exercicios quedan establecidos do seguinte xeito:

	Obtención certificado	Renovación certificado
* Modalidade por estrada		
Todas as clases	9.30 h. Porta 2	10.00 h. Porta 1
Clase 1	9.30 h. Porta 3	10.00 h. Porta 4
Clase 2	11.30 h. Porta 2	12.00 h. Porta 1
Clase 7	16.30 h. Porta 3	-----
Clase 3 e máis	18.30 h. Porta 2	19.00 h. Porta 1
Mater Líqu. UN		
1202-1203 e 1223	16.30 h. Porta 2	17.00 h. Porta 1

	Obtención certificado	Renovación certificado
* Modalidade por ferrocarril:		
Todas as clases	11.30 h. Porta 3	12.00 h. Porta 4
Clase 1	-----	-----
Clase 2	-----	-----
Clase 7	-----	-----
Clase 3 e máis	-----	-----
Mat. Líqu.		
Nº 1202-1203-1223	-----	-----

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2005.

David González Coalla
Presidente do tribunal

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 30 de xuño de 2005 pola que se fai pública a convocatoria de bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos de terceiro ciclo nas universidades do sistema universitario de Galicia.

O Real decreto 778/1998, do 30 de abril, polo que se regula o terceiro ciclo de estudos universitarios, a obtención e expedición do título de doutor e outros estudos de posgrao, estrutura os estudos de terceiro ciclo en dous períodos: o primeiro deles constitúe o período de docencia e o segundo o período de investigación tutelado, e ambos os dous teñen como finalidade a especialización do estudante nun campo científico, técnico ou artístico determinado, así como a súa formación en técnicas de investigación.

En consecuencia, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Universidades e a Consellería de Innovación, Industria e Comercio, a través da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, continúan, de forma coordinada, cun programa que contribúa ao financiamento dos estudos do terceiro ciclo nas universidades do sistema universitario de Galicia por parte daqueles alumnos que, en función da súa capacitación, poidan converterse en futuros investigadores e profesores universitarios, encargándose a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Universidades, da convocatoria de bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos de terceiro ciclo por parte daqueles estudantes que non a tiveron anteriormente, tanto no período de docencia como no de investigación tutelado, e a Consellería de Innovación, Industria e Comercio, a través da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento das prórrogas das ditas bolsas que corresponden ao segundo ano dos estudos de terceiro ciclo (período de investigación tutelado).

Esta actuación conxunta encádrase dentro do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (2002-2005) aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa sesión do día 14 de marzo de 2002 (Resolución do 15 de marzo, DOG do 4 de abril).

Polo que antecede, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócanse 130 bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos de terceiro ciclo nas universidades do sistema universitario de Galicia para aqueles estudantes que non a tiveron anteriormente, tanto no período de docencia como no de investigación tutelado.

Estas bolsas teñen como finalidade contribuír ao financiamento dos estudos de terceiro ciclo daqueles alumnos que, en función da súa capacitación, poidan converterse no xerme dunha nova xeración de investigadores.

Artigo 2º.-Orzamento.

Para a concesión destas bolsas destinarase un total de 703.560 euros con cargo á aplicación orzamentaria 07.05.322C.480.2, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia dos anos 2005 e 2006 de acordo coa seguinte distribución: 175.890 euros no ano 2005 e 527.670 euros no ano 2006.

Estas cantidades serán achegadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Universidades e pola Consellería de Innovación, Industria e Comercio, a través da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, con cargo ao Fondo Social Europeo.

As cantidades antes citadas poderán incrementarse de acordo coas disponibilidades orzamentarias.

Artigo 3º.-Requisitos dos solicitantes.

a) Posuír a nacionalidade española, ou dun país membro da Unión Europea e residir en España, ou estranxeiro residente en España.

b) Ter aprobadas todas as disciplinas requiridas para a obtención do título de licenciado, enxeñeiro superior ou arquitecto, incluído o proxecto fin de carreira, se o houbese.

c) Estar en posesión do título de licenciado, enxeñeiro superior ou arquitecto ou certificado que o substitúa expedido pola universidade correspondente.

d) Os títulos obtidos no estranxeiro ou en centros españois non estatais deberán estar homologados polo Ministerio de Educación e Ciencia na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

e) Contar cun expediente académico persoal con nota media igual ou superior a 1,5000, en estudos de ciencias experimentais e da saúde, ciencias

sociais e xurídicas e de humanidades. En estudos de ensinanza técnica esta nota deberá ser igual ou superior a 1,0000 punto.

f) Estar admitido no curso 2005/2006, en programas de terceiro ciclo impartidos nas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña ou Vigo.

g) Estar integrado nun grupo de investigación dun centro público de investigación da comunidade autónoma para realizar actividades complementarias de formación.

Artigo 4º.-Contía.

O importe total de cada bolsa será de 5.412 euros.

Artigo 5º.-Período de aproveitamento.

A duración destas bolsas é de 12 meses comprendidos entre outubro de 2005 e setembro de 2006. As bolsas concedidas poderanse prorrogar por unha soa vez e para un só programa de doutoramento, e de acordo coa normativa que se elabore para o efecto.

Artigo 6º.-Presentación de solicitudes.

a) As solicitudes, segundo o modelo ED429B que se publica como anexo I á presente orde, presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

Se no uso deste dereito, a solicitude é remitida por correo, presentarase en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de que proceda á súa certificación.

Para estes efectos, os rexistros das universidades públicas non terán validez en canto ao cumprimento dos prazos da convocatoria.

b) As solicitudes, segundo o modelo anexo I da convocatoria, deberán ir acompañadas da documentación que se detalla a continuación; no caso de non poder presentar toda a documentación exixida o último día de prazo, poderán remitila no prazo de presentación de documentación complementaria, é dicir, do 7 ao 20 de outubro de 2005:

1. Fotocopia do DNI ou documento equivalente no caso de cidadáns da Unión Europea. Os cidadáns doutros países presentarán fotocopia da tarxeta de residente en vigor.

2. Certificación académica oficial ou copia compulsada, na que figure a nota media simple do expediente académico, obtida de acordo co baremo establecido na resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005 (DOG do 23 de marzo).

Aqueles solicitantes que non obtiveran a súa titulación nalgunha das universidades galegas, deberán facer constar, expresamente na certificación acadé-

mica, a nota media final do seu expediente de acordo co baremo establecido na resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005 (DOG do 23 de marzo).

Os solicitantes que teñan cursado os seus estudos no estranxeiro e posúan certificación académica nun idioma distinto do galego ou castelán, deberán acompañala da correspondente tradución xurada. En tales casos, a certificación indicará, así mesmo, cales son as cualificacións máxima e mínima do sistema de avaliación correspondente; do mesmo xeito, farase constar cal e a cualificación mínima necesaria para aprobar.

3. Fotocopia compulsada do correspondente título ou certificación do pagamento dos dereitos de expedición de títulos universitarios oficiais, expedida pola universidade correspondente. Os alumnos que rematen os seus estudos na convocatoria de setembro ou presenten o proxecto fin de carreira nesas datas e que non se atopen en posesión do certificado de pagamento dos dereitos de expedición do título expedido pola universidade correspondente, poderán substituír o título pola certificación académica na que deberá figurar, expresamente, que teñen pagados os dereitos de expedición do título.

Os títulos obtidos no estranxeiro ou en centros españois non estatais deberán estar homologados polo Ministerio de Educación e Ciencia na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

4. Certificado do secretario do correspondente departamento, segundo o modelo que se inclúe como anexo II desta orde, no que conste que o Consello de Departamento admitiu ao solicitante en programas de terceiro ciclo impartidos nas universidades galegas.

5. Documento asinado polo director dun grupo de investigación da comunidade autónoma, segundo o modelo que se inclúe como anexo III desta orde, no que conste que no caso de obtención da bolsa, o solicitante integrarase no dito grupo para realizar actividades de formación cunha dedicación mínima de 10 horas semanais e máxima de 15 horas semanais.

c) Os solicitantes só poderán presentar unha solicitude. A presentación de dúas ou máis solicitudes invalidará todas as presentadas.

Artigo 7º.-Prazo de presentación de solicitudes.

A presentación de solicitudes, segundo o modelo anexo I da convocatoria, permanecerá aberto ata o día 20 de setembro de 2005.

Artigo 8º.-Tramitación.

Os servizos da Dirección Xeral de Universidades comprobarán que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde e exporán a lista de solicitudes admitidas e excluídas sinalando as causas de exclusión, nos taboleiros de anuncios da

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos das súas delegacións provinciais, nos vicerreitorados de investigación ou de terceiro ciclo das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo e na internet no enderezo <http://www.edu.xunta.es/portal/index.jsp>.

Esta lista estará exposta do 7 ao 20 de outubro de 2005, podendo os interesados, durante ese mesmo prazo, formular reclamacións para emendar erros e falta de documentos, ante a Dirección Xeral de Universidades, achegando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión considerarase que o interesado desiste da súa petición, logo de resolución, nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992.

Neste mesmo prazo, do 7 ao 20 de outubro de 2005, cada unha das universidades do sistema universitario de Galicia, fará públicas as seguintes notas: media do expediente persoal, media da titulación dos últimos tres anos e media final ponderada, correspondentes aos seus alumnos que solicitan bolsa de terceiro ciclo, así como os criterios para o cálculo das notas. Estes criterios serán comúns para as tres universidades, podendo os alumnos, durante ese prazo, presentar, ante a propia universidade, a reclamación pertinente para emendar posibles erros nas notas. Transcorrido este prazo sen que se presente reclamación, enténdese que o interesado está conforme con elas.

As universidades remitirán á Dirección Xeral de Universidades, á maior brevidade posible e, en todo caso, como máximo o día 25 de outubro de 2005, certificación na que consten as notas dos alumnos solicitantes da bolsa de terceiro ciclo.

Artigo 9º.-Selección dos candidatos.

1. Comisión de selección.

A selección de bolseiros será efectuada por unha comisión constituída por tres representantes da Dirección Xeral de Universidades, dos que un deles actuará como presidente e outro como secretario con voz e voto, un representante da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento e os vicerreitores competentes na materia das tres universidades galegas.

2. Criterios xerais de selección.

A selección de bolseiros farase en concorrencia competitiva segundo os seguintes valores proporcionados polas universidades correspondentes: media do expediente persoal, media da titulación dos últimos tres anos e media final ponderada.

As notas medias do expediente académico persoal serán calculadas de acordo co baremo establecido na resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005 (DOG do 23 de marzo).

A nota media do expediente académico persoal, a media da titulación dos últimos tres anos así como

a media final ponderada, aproxímanse a catro decimais.

A nota media final de cada solicitante será ponderada a partir da seguinte fórmula:

$$\text{Media final ponderada: } \frac{\text{Media exp. persoal solicitante}}{\text{Media titulación últimos tres anos}}$$

En caso de empate na nota final por media ponderada, procederase ao desempate de acordo coa seguinte orde de prelación: expediente académico persoal, de seguir o empate, menor número de suspensos e, de persistir o empate, o maior número de matrículas de honra.

No caso dos alumnos de fóra do sistema universitario de Galicia, empregárase a media da titulación galega máis afín ao programa de doutoramento que vai realizar o alumno segundo os criterios da universidade correspondente.

Aquelas universidades que posúan titulacións novas ás que non se lle poida calcular media de tres anos, aplicaráselles a media da mesma titulación que se imparta noutra universidade do sistema universitario de Galicia. De non ser posible tomarase a media da titulación máis afín.

A repartición das bolsas realizarase en función de catro grandes áreas da forma seguinte:

-37 bolsas para estudos de ciencias experimentais e da saúde.

-37 bolsas para estudos de ciencias sociais e xurídicas.

-30 bolsas para estudos de ensinanza técnica.

-26 bolsas para estudos de humanidades.

As bolsas, correspondentes ás áreas que non poidan cubrirse na súa totalidade por bolseiros coa nota mínima que estableza a comisión, engadíranse a outras áreas.

Artigo 10º.-Resolución.

Efectuada a selección pola comisión, esta elevará, a través do director xeral de Universidades, un informe-proposta ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá resolución na que constará unha relación de concedidas, unha de suplentes e outra de solicitudes excluídas coas causas de exclusión.

Os solicitantes excluídos poderán recuperar a documentación presentada no prazo de dous meses a partir da publicación da concesión das bolsas no *Diario Oficial de Galicia*. Pasado ese prazo aquela documentación que non fora recollida será destruída.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes

a partir do día seguinte da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE nº 12, do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 11º.-Incompatibilidades e condicións de aproveitamento.

a) Estas bolsas son incompatibles con:

-Outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados.

-Soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria do bolseiro.

-Calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado.

b) Estas bolsas son compatibles coa concesión daquelas bolsas destinadas a cubrir algunha das accións formativas que o solicitante vai realizar segundo o seu proxecto (asistencia a reunións, congresos, seminarios, cursos de especialización ou estadias noutros centros para aprender ou intercambiar técnicas de investigación).

Os bolseiros están obrigados a comunicar por escrito, á Dirección Xeral de Universidades, a renuncia á bolsa tan pronto como se produza a causa que determine a dita renuncia.

As bolsas concédense para o curso completo, polo que no caso de renuncia ou revogación o bolseiro deberá reintegrar as cantidades xa percibidas, salvo en casos excepcionais autorizados pola Dirección Xeral de Universidades, logo de xustificación dos cursos superados e das actividades de formación realizadas polo bolseiro durante o período anterior á renuncia.

Artigo 12º.-Aceptación da bolsa.

O bolseiro comprométese a cumprir todas as condicións recollidas nestas bases. O documento de aceptación deberá remitirse á Dirección Xeral de Universidades no prazo de 5 días contados desde a data de recepción, xuntando a seguinte documentación:

-Documento de estar matriculado nun programa de terceiro ciclo nalgunha das universidades do sistema universitario de Galicia.

-Declaración xurada de que non ten concedidas outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria do bolseiro ou calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado.

-Vida laboral actualizada na data de aceptación da bolsa.

-Documento facilitado pola entidade bancaria a nome do interesado, no que conste o código de conta cliente do solicitante.

Transcorrido este prazo sen que se achegue a citada documentación, considerarase que o interesado renuncia á bolsa concedida.

Artigo 13º.-Pagamentos.

Os pagamentos serán trimestrais. O pagamento do último trimestre farase efectivo despois de que o bolseiro presente, antes do 5 de outubro de 2006, a seguinte documentación:

-Informe do titor ou do director do grupo de investigación en relación co cumprimento das obrigas, recollidas no artigo 14º desta orde.

-Declaración xurada do conxunto de bolsas concedidas.

-Vida laboral actualizada a 30 de setembro de 2006.

Artigo 14º.-Obrigas dos bolseiros. Seguimento da axuda.

Os bolseiros están obrigados a asistir ás clases, seguir con aproveitamento os cursos correspondentes ao seu programa de doutoramento e a realizar as actividades complementarias de formación que determine o titor e deberán integrarse nun grupo de investigación realizando dentro deste actividades de formación, cunha dedicación mínima de 10 horas semanais e máxima de 15 horas semanais.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión de axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asinado nos orzamentos para este fin.

Segunda.-O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta orde, constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro polo beneficiario, segundo o disposto no artigo 78.10º do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, de acordo coa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Terceira.-As renuncias que se produzan poderán ser substituídas pola Dirección Xeral de Universidades de acordo coa lista de suplentes que se establece na resolución.

Cuarta.-Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún dos compoñentes non puidese asistir,

será substituído pola persoa que para o efecto se nomee. O dito nomeamento deberá recaer noutra persoa da Dirección Xeral de Universidades, da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento ou da universidade correspondente en virtude da súa representación.

Quinta.-Para os efectos establecidos no artigo 42.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999 (BOE nº 12, de 14 de xaneiro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de seis meses, contados a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, producindo efectos desestimatorios a falta de resolución.

Sexta.-Os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das axudas.

Sétima.-A convocatoria e cantos actos administrativos deriven dela, poderán ser impugnados polos interesados mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte da publicación da resolución no DOG, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Universidades para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde adáptase ás normas básicas do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro (BOE do 18 de novembro), xeral de subvencións e ás do seu desenvolvemento, igualmente aos artigos 78 e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, de acordo coa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 Dirección Xeral de Universidades

UNIÓN
 EUROPEA
 FSE



PROCEDEMENTO BOLSAS DE TERCEIRO CICLO NOVA ADXUDICACIÓN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED429B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

APELIDOS		NOME	NIF
ENDEREZO			LOCALIDADE / CONCELLO
CODIGO POSTAL	PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

INFORMACIÓN ACADÉMICA

TITULADO EN	UNIVERSIDADE ONDE SE TITULOU
UNIVERSIDADE ONDE SOLICITA 3º CICLO	TÍTULO DO PROGRAMA DE 3º CICLO QUE VAI REALIZAR
AREA DE COÑECEMENTO <input type="checkbox"/> CIENCIAS EXPERIMENTAIS E DA SAÚDE <input type="checkbox"/> CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS <input type="checkbox"/> ENSINANZAS TÉCNICAS <input type="checkbox"/> HUMANIDADES	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA

<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO DNI.
<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN ACADÉMICA.
<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA COMPULSADA DO CORRESPONDENTE TÍTULO.
<input type="checkbox"/> CERTIFICADO DO SECRETARIO DO DEPARTAMENTO.
<input type="checkbox"/> CERTIFICADO DUN GRUPO DE INVESTIGACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

DATOS DO PROFESOR/A / TITOR

NOME	
UNIVERSIDADE	
DEPARTAMENTO	
TELÉFONO / EXTENSIÓN	CORREO ELECTRÓNICO

DECLARO coñecer e autorizar que os datos persoais que compoñen esta solicitude son recollidos e serán obxecto de tratamento co fin de xestionar a axuda solicitada de acordo co artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Así mesmo, **autorizo** expresamente a calquera das universidades do sistema universitario de Galicia, para que faciliten á Dirección Xeral de Universidades cantos datos obren no meu expediente persoal e sexan precisos para a tramitación e resolución da axuda solicitada.

LEGISLACION APLICABLE <i>Orde do 30 de xuño de 2005 pola que se fai pública a convocatoria de bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos de terceiro ciclo nas universidades do sistema universitario de Galicia.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE A EFECTOS DE SOLICITUDE E CONFORMIDADE COAS BASES DA CONVOCATORIA _____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Director xeral de Universidades. Santiago de Compostela

ANEXO II

D/Dª _____ secretario/a
do departamento de _____
da Universidade de _____

CERTIFICA:

Que na reunión do **CONSELLO DE DEPARTAMENTO**, do día _____ acordouse **ADMITIR** no
programa de doutoramento _____
correspondente ao bienio _____ a:

D/Dª _____

E para que conste, a petición do interesado, expido a presente certificación en

_____, _____ de _____ de _____

O/A SECRETARIO/A DO DEPARTAMENTO
(Selo do departamento)

Asdo.: _____

ANEXO III

D/Dª _____ director/a
ou investigador principal dun grupo de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia, no
Departamento/instituto _____
Facultade/centro _____
Universidade _____

COMPROMÉTESE A INTEGRAR A

D/Dª _____ estudante de
terceiro ciclo no grupo de investigación que dirixe para realizar actividades de formación tal como se establece na orde de
convocatoria, no caso de que o/a interesado/a obteña a bolsa de terceiro ciclo que solicita.

E para que conste, por petición do/a interesado/a, asino a presente

_____, _____ de _____ de _____

O/A DIRECTOR/A DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN
(Selo do departamento ou centro de investigación)

Asdo.: _____

Resolución do 27 de xuño de 2005, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional específica no curso 2005-2006.

O Decreto 239/1995, do 28 de xullo (DOG do 16 de agosto), establece para a Comunidade Autónoma de Galicia a ordenación xeral das ensinanzas de formación profesional e as directrices sobre os seus títulos, define a estrutura común da ordenación académica dos títulos profesionais e establece as finalidades do módulo de formación en centros de traballo. No artigo 17 deste decreto establécense os criterios para a avaliación do alumnado que cursa un ciclo formativo (concretamente, para o módulo de FCT) e indícase tamén que a superación dun ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en todos e en cada un dos módulos profesionais que o compoñan.

O Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto) polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, e a Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, establecen a organización e o funcionamento dos institutos de educación secundaria.

Os procedementos de acceso e admisión a ciclos formativos están regulados para a Comunidade Autónoma de Galicia pola Orde do 24 de abril de 2000 (DOG do 30 de maio), que regula o procedemento para a admisión do alumnado no bacharelato e nos ciclos formativos de formación profesional específica de grao medio en centros sostidos con fondos públicos, e pola Orde do 12 de abril de 2002 (DOG do 29 de abril), que regula a admisión de alumnado nos ciclos formativos de formación profesional específica de grao superior en centros sostidos con fondos públicos.

Pola Orde do 24 de maio de 2005 régulase o desenvolvemento de estadias formativas en empresas ou institucións situadas fóra do Estado español destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas non universitarias en centros autorizados da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o desenvolvemento de estadias de formación práctica en empresas ou institucións situadas en Galicia, destinadas ao alumnado procedente doutros Estados (DOG do 13 de xuño de 2005).

A Orde do 31 de maio de 1999 (DOG do 1 de xullo, con corrección de erros no DOG do 23 de xullo), pola que se regula o desenvolvemento en réxime ordinario e de persoas adultas dos ciclos formativos de formación profesional específica, recolle a experiencia da implantación anticipada destas ensinanzas e establece o marco normativo no que se desenvolverán os ciclos formativos de formación profesional específica, en réxime ordinario ou para as persoas adultas, posibilitando a oferta de forma parcial dos ciclos formativos. Así mesmo, a Orde do 16 de xullo de 2002 (DOG do 13 de setembro)

regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia. Estas dúas ordes autorizan a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar as instrucións que sexan precisas para o desenvolvemento e a aplicación do previsto nelas e, na súa virtude, esta dirección xeral,

RESOLVE:

I. Funcionamento xeral dos ciclos formativos.

Primeiro.-Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta resolución ten por obxecto ditar instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional específica no curso 2005-2006 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.-Admisión e matrícula. Formalización de libros de escolaridade.

1. A matrícula realizarase para todo o ciclo formativo segundo os prazos establecidos na Resolución do 13 de abril de 2005 (DOG do 21 de abril), pola que se ditan instrucións sobre o acceso e a admisión aos ciclos formativos de formación profesional específica para o curso 2005-2006.

2. O alumnado que voluntariamente cause baixa nun ciclo formativo e solicite o acceso no mesmo centro a un ciclo formativo do mesmo réxime de ensinanzas deberase someter ao procedemento para a admisión regulado pola Orde do 24 de abril de 2000 (DOG do 30 de maio) e pola Orde do 12 de abril de 2002 (DOG do 29 de abril), agás no caso de matricularse só do módulo de formación en centros de traballo (FCT).

3. A matrícula en ciclos formativos polo réxime ordinario non poderá ser compatible coa matrícula en calquera ensinanza do mesmo réxime. Só no caso de ciclos formativos de réxime diferente e compatibilidade horaria do 90% será posible realizar a matrícula simultánea en dous ciclos formativos, coa autorización do Servizo de Inspección Educativa.

4. A formalización da matrícula en ciclos formativos do alumnado repetidor ou procedente de renuncia non precisa reiniciar o proceso de admisión recollido na Orde do 12 de abril de 2002 e na Orde do 24 de abril de 2000. O alumnado que cause baixa nun ciclo formativo deberá realizar o proceso de admisión para continuar os estudos no ciclo formativo.

5. O alumnado que esgotase as dúas matrículas ás que se ten dereito polo réxime ordinario e non conseguise titularse por non superar todos os módulos deberá rematar os seus estudos polo réxime de persoas adultas. No caso de non estar implantado neste réxime o ciclo que se estea a estudar no centro, deberase solicitar ante a dirección, se se desexa, a autorización dunha matrícula excepcional para poder rematar os estudos. A dirección do centro deberá tramitar a dita solicitude, xunto cos informes da titoría e da dirección do centro sobre a procedencia ou non da matrícula, no Servizo de Inspección